



---

## CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

---

### ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 30 DE XUÑO DE 2023.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Beade, sendo as trece horas do día trinta de xuño de dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen-se en sesión pública os señores membros do Concello de Beade, que de seguido se citan, para celebrar sesión plenaria de carácter extraordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

**D<sup>a</sup>. GABRIELA PÉREZ COSTA**  
**D. MANUEL FORMIÑO DE LA FUENTE**  
**D. ALEJANDRO LODEIRO RODRÍGUEZ**  
**D. MATEO RODRÍGUEZ PAZ**  
**D<sup>a</sup>. MARÍA DEL CARMEN RAMA COTELO**  
**D. SENÉN POUSA SOTO.**

Os presentes están asistidos polo Secretario-Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde del Día, que resultan ser:

**1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA CON DATA 27 DE XUÑO DE 2023.-** Sometida a aprobación a acta, apróbase por UNANIMIDADE.

**2.- ACORDO EN MATERIA DE AGRUPACIÓN.-** Seguindo a liña marcada en anteriores acordos, estanse a sentar as bases para acadar unha axeitada organización municipal en materia de persoal municipal, que servan as necesidades operativas dos servizos administrativos.

Por acordo plenario, xa se aprobou o organigrama do persoal municipal, atendendo as grandes áreas da vida administrativa, e que permite manter cubertas as necesidades de funcionamento da administración local, si ben, procede optimizar os recursos persoais en atención ás necesidades encuan-to a volumen de traballo e adicación.

Esta entidade xa dispón de persoal compartido con outro concello, para o que fixo uso da posibilidade establecida no artigo 105 da Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Pois ben, nestes intres, procede regular o posto de traballo recollida na RPT do concello de técnico de xestión administrativa do cadro de persoal funcionario do concello, administración especial, cúa presenza é imprescindible para tramitar as materias propias deste posto cualificado, cada vez mais presentes na vida administrativa local, pola especialización dos asuntos que precisan dunha cualificación determinada no persoal que os xestiona.

Ainda que necesaria, dado que existen materias cúa xestión precisa deste técnico cualificado, a súa adicación pode ser optimizada, tanto en beneficio do concello, que vería reducida a súa carga económica sen merma da capacidade operativa, como para o funcionario, a efectos de manter un nivel de adicación á praza axeitado.



---

## CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

---

Por elo, preténdese agrupar a praza co Concello de Arnoia, entidade que tamén amosou interese por compartila.

Dado que a praza do Concello de Beade atópase ocupada por funcionario en propiedade, existe acordo co funcionario para facerse cargo da futura agrupación, estando vacante a praza do Concello de Arnoia.

Por elo, propónse a adopción do seguinte acordo:

- a) Aprobar provisionalmente a agrupación da praza de persoal funcionario de técnico de xestión administrativa, administración especial, grupo A2, co Concello de Arnoia (Ourense).
- b) Realizar a tramitación establecida no artigo 167 da citada Ley 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- c) O acordo de agrupación da praza considerárase definitivo de non presentarse reclamacións durante a exposición pública, e de ser favorables os informes solicitados.
- d) Designar ao Sr. Alcalde e Secretario do concello para integrar a Comisión que redactará os Estatutos de funcionamento da agrupación, facultándose aos mesmos para proceder a súa aprobación.
- e) Unha vez aprobada a agrupación pola Consellería competente en materia de réxime local da Xunta de Galicia, modificarase a RPT do Concello no que afecta a praza agrupada.

Intervén o Sr. Lodeiro Rodríguez para menifestar se a praza é necesaria no concello, respondendo a Alcaldía que ese non é o que se trata neste punto, xa que a praza figura na prantilla de persoal do concello, senón a oportunidade de poder compartila co concello de Arnoia.

A Sra. Rama Cotelo manifesta que o seu grupo votou a favor da creación da praza, polo que serán coherentes e votarán a favor da Agrupación da praza.

Sometida a proposta a votación, obtense o seguinte resultado: SEIS (6) votos a favor e UNHA (1) abstención, obténdose a maioría absoluta de votos a favor dos membros da Corporación, quedando elevada a acordo.

### **3.- ACORDO SOBRE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.-** Dase lectura a seguinte proposta da Alcaldía:

"De acordo co disposto no artigo 210 da Lei 5/97, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, procede que a Corporación Local fixe as datas de celebración de sesións ordinarias do Pleno do Concello.

Vistas as disposicións legais vixentes reguladoras da materia, e en concreto o disposto no citado artigo 210, e tendo en conta as necesidades de celebración de sesións, de acordo coa periodicidade mostrada en datas recentes e que foi suficiente para a tramitación dos asuntos de competencia do Pleno, propónse o seguinte acordo:



---

## CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

---

- a) Celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello o último martes dos meses impares de cada ano, pasando o día seguinte en caso de día festivo.
- b) A hora de celebración das sesións será fixada polo Alcalde-Presidente en cada convocatoria."

Intervén a Sra. Rama Cotelo para solicitar que cando se teña coñecemento de que un membro do Pleno non poida asistir por motivos de enfermidade ao similar, se teña en conta para poder cambiara data da sesión.

Os membros do Pleno, por UNANIMIDADE, aproban a proposta.

#### **4.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.-** Dase lectura a seguinte proposta da Alcaldía:

"De acordo co establecido na Lei da Administración Local de Galicia, procede nomear os representantes da Corporación en órganos colexiados que sexan de competencia do Pleno, sendo estes a Mancomunidade de Concellos do Ribeiro.

Para a Mancomunidade de Concellos do Ribeiro, de acordo cos seus Estatutos, procede nomear dous representantes para participar nos órganos de goberno, sendo o Alcalde do Concello un deles, salvo renuncia expresa do mesmo.

Pola Presidencia proponse o seguinte acordo:

- a) *Nomear como representantes do Concello nos órganos de goberno da Mancomunidade de Concellos do Ribeiro a D. Manuel Formigo de la Fuente e a D<sup>a</sup>. Gabriela Pérez Costa, renunciando o Sr. Alcalde a formar parte dos órganos de goberno da Mancomunidade.*
- b) *Nomear como representante do Concello na Xunta de Goberno da Mancomunidade a D. Manuel Formigo de la Fuente."*

Os membros do Pleno, por UNANIMIDADE, aproban a proposta.

#### **5.- ACORDO SOBRE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DE COMISIÓNES INFORMATIVAS PERMANENTES.-** Dase lectura a seguinte proposta da Alcaldía:

"No Concello de Baede, de conformidade co establecido na Lei 5/97, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, en concordancia co ROF, procede a creación das Comisións Informativas Permanentes no seno da Corporación.

Tendo en contas as necesidades obrantes neste Concello, no que respecta as grandes áreas de asuntos a tratar, e en aras de levar a cabo un mellor estudio e preparación dos asuntos a someter a consideración do Pleno, ou outro órgano con competencias delegadas, por esta Presidencia, proponse a creación das seguintes Comisións Informativas Permanentes, e composición das mesmas:

**Comisión Especial de Contas:** emitiría dictámenes nas materias comprendidas no artigo 127 do ROF, en materia de Contas.

A Comisión estaría formada por 2 Concelleiros do Partido Popular e 1 Concelleiro dos restantes Grupos Políticos.

A Presidencia das Comisións corresponderá o Alcalde-Presidente do Concello, como Presidente nato."



## CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Télf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

Polo Partido Popular: D. Manuel Formigo de la Fuente e D<sup>a</sup>. Gabriela Pérez Costa.

Polo PSdeG-PSOE: D. Mateo Rodríguez Paz.

Pola Agrupación veciñal independente de electores (AVIDE): D. Alejandro Lodiro Rodríguez.

Pola Agrupación de electores de Beade (AEPB): D. Senén Pousa Soto.

Os membros do Pleno, por UNANIMIDADE, aproban a proposta.

**6.- ACORDO SOBRE CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-** Dase lectura a seguinte proposta da Alcaldía:

"O Concello de Beade, como municipio con unha poboación de dereito inferior a 5.000 habitantes, non ten como órgano obrigatorio a Xunta de Goberno Local, sendo preciso acordo corporativo para a súa creación, segundo establece o artigo 59.2 da Lei 5/97, de 22 de xullo.

Esta Presidencia considera oportuna a creación da Xunta de Goberno Local do concello como órgano colexiado, tanto pola súa importante función de asistencia o Alcalde no exercicio das súas competencias, como exercendo as atribucións que lle poidan delegar o propio Alcalde ou Pleno; para a mais áxil e eficaz actuación nas distintas áreas.

Por todo elo, por esta Presidencia propónse o seguinte acordo:

a) Acordar a creación da Xunta de Goberno Local como órgano colexiado integrante da organización municipal.

b) Que se integre polo Alcalde-Presidente do Concello e un número de Concelleiros non superior ao tercio legal de membros da Corporación."

Os representantes do grupo municipal socialista solicitan formar parte da Xunta de Goberno Local, para que exista mais transparencia.

A Alcaldía manifesta que non é o habitual que a Xunta de Goberno esté formada por membros da oposición, polo que non o considera apropiado. Ademais, soamente a poden formar un tercio dos membros da Corporación.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía, obtense o seguinte resultado: CATRO (4) votos a favor e TRES (3) votos en contra, quedando aprobada a proposta da Alcaldía.

**7.- ACORDO SOBRE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-** Dase lectura a seguinte proposta da Alcaldía:

Acordada a creación da Xunta de Goberno Local polo Pleno, o artigo 64.5 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e modificacións da Lei 11/99, de 21 de abril, permite a delegación de competencias do Pleno na citada Xunta de Goberno.

Tendo en conta as grandes áreas de actuación municipal e para unha mais áxil e eficaz xestión dos servizos e competencias municipais, propónse a delegación na Xunta de Goberno Local da totalidade das competencias que permite delegar a lexislación.

Os representantes do grupo municipal socialista manifestan o seu rechazo á proposta, dado o que Pleno debería seguir contando coas súas competencias.

Pola Alcaldía acéptase a proposta do grupo municipal socialista polo que, por UNANIMIDADE, recházase a proposta da Alcaldía.



## CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

**8.- DAR CONTA, SE PROCEDE, DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.-** A Presidencia dá lectura as seguintes Resolucións da Alcaldía de data 26 de xuño de 2023:

"Producida a renovación da Corporación do Concello de Beade, en virtude das eleccións municipais celebradas no presente ano, unha vez constituída a nova Corporación municipal do Concello e tendo en conta as atribucións conferidas a esta Presidencia polo artigo 61.2 da Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 46.1 do ROF, en materia de nomeamento de Tenentes de Alcalde da Corporación municipal, ACORDEI nomear Tenentes de Alcalde, coas facultades establecidas na lexislación reguladora da materia os seguintes Concelleiros:

**PRIMER TENENTE DE ALCALDE: D<sup>a</sup>. Gabriela Pérez Costa**

**SEGUNDO TTE. ALCALDE: D. Manuel Formigo de la Fuente**

Así o manda e asina o Sr. Presidente, en Beade a vinte e seis de xuño de dous mil vinte e tres, de todo o que, como Secretario, certifico.

O ALCALDE,  
Asdo.: Fernando Taboada Guntín

O SECRETARIO,  
Asdo.: Pablo Fernández Loureiro"

"Por esta Presidencia procede, de acordo co establecido no artigo 65 da Lei 5/97, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 52 do ROF, o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local, integrada por un número de Concelleiros non superior o tercio legal de membros da Corporación.

De conformidade co disposto no artigo 112 do ROF, procede tamén fixar a periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.

En base a elo, ACORDEI,

a) Que a Xunta de Goberno Local, presidida polo Alcalde do Concello, estará integrada polos seguintes membros:

D<sup>a</sup>. Gabriela Pérez Costa.

D. Manuel Formigo de la Fuente.

b) Que celebra sesións ordinarias os días 5 e 20 de cada mes, ou día hábil posterior, a hora que se establezca na convocatoria.

A presente Resolución surtirá efecto de ser aprobada polo Pleno a creación da Xunta de Goberno Local como órgano colexiado integrante da organización municipal, quedando sin efecto, en caso contrario."

Así o manda e asina o Sr. Presidente, en Beade a vinte e seis de xuño de dous mil vinte e tres, de todo o que, como Secretario, certifico.

O ALCALDE,  
Asdo.: Fernando Taboada Guntín

O SECRETARIO,  
Asdo.: Pablo Fernández Loureiro"

"En virtude das atribucións coferidas a esta Presidencia polo artigo 61 da Lei 5/97, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, e modificacións da Lei 11/99, ACORDEI delegar as seguintes atribucións na Xunta de Goberno Local:



## CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

“o. La aprobación de los proyectos de obras y de servicios cuando sea competente para su contratación o concesión y estén previstos en el presupuesto.

p. La adquisición de bienes y derechos cuando su valor no supere el 10 % de los recursos ordinarios del presupuesto ni los tres millones de euros, así como la enajenación del patrimonio que no supere el porcentaje ni la cuantía indicados en los siguientes supuestos:

- La de bienes inmuebles, siempre que esté prevista en el presupuesto.
- La de bienes muebles, salvo los declarados de valor histórico o artístico cuya enajenación no se encuentre prevista en el presupuesto.

q. El otorgamiento de las licencias, salvo que las leyes sectoriales lo atribuyan expresamente al Pleno o a la Junta de Gobierno Local.”

Esta Resolución surtirá efecto de ser aprobada pola Pleno a creación da Xunta de Gobierno Local como órgano integrante da organización municipal, quedando sin efecto en caso contrario. ”

Así o manda e asina o Sr. Presidente, en Arnoia a vinte e seis de xuño de dous mil vinte e tres, de todo o que, como Secretario, certifico.

O ALCALDE,

Asdo.: Fernando Taboada Guntín

O SECRETARIO,

Asdo.: Pablo Fernández Loureiro”

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a reunión, sendo ás trece horas e trinta e cinco minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,



Asdo. Fernando Taboada Guntín.

O SECRETARIO,



Asdo. Pablo Fernández. Loureiro.